

## Rho DOURADO

### O elo de Mac Cumail

...E chegou o día en que *Gráinne* non lembrou como facer un *geis*...  
E *Diarmuid* era albo como a neve,  
e xa non houbo persecución nin loitas,  
e ningunha árbore máxica da inmortalidade abrollou na terra,  
e *Sharvan* era afábel e tivo unha vida lonxeva,  
e *Oenghus* non se sacrificou por ninguén,  
e os xabaríns xa non eran máxicos nin tiñan irmáns,  
e as camas nunca xamais foron de pedra,  
...e a lenda coa que medrei sumiu e deixoume orfa...